

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2017.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de decembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA (concelleiro non adscrito).

Non asiste: MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.10.2017.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2017 AO 13.12.2017.

4º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +2018.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 12.12.2017, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que o Pleno ordinario do mes de decembro debía celebrarse con data 20 de decembro de 2017 ás 13 horas, e tendo en conta que ese mesmo día remata ás 15 horas o prazo de presentación da documentación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2018, co fin de evitar calquera tipo de problema informático dado o volume de documentos que conleva este plan que puidera producir a exclusión do concello da convocatoria, resolvo:

1º) Adiantar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 20 de decembro ás 13 horas ao 19 de decembro ás 13 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificala.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.10.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 18.10.2017.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.10.2017 AO 13.12.2017.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
11/10/2017	00236/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
11/10/2017	00237/2017	APROBACIÓN PADRÓN FISCAL DAS TAXAS DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, E CANON DA AUGA DO 3º TRIMESTRE DE 2017.

11/10/2017	00238/2017	MODIFICACION DA RESOLUCION DE DATA 23.05.2017.
16/10/2017	00239/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/42.
16/10/2017	00240/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS DE LIXO DO ANO 2017 POR CAMBIO DE TITULARIDADE.
16/10/2017	00241/2017	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
16/10/2017	00242/2017	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
16/10/2017	00243/2017	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE FESTAS POPULARES NA IGREXA, CORNANDA.
17/10/2017	00244/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCA NA IGREXA, BRIÓN.
17/10/2017	00245/2017	DECRETO DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE BIOMASA FORESTAL EN ONS DE ABAIXO, ONS.
17/10/2017	00246/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
17/10/2017	00247/2017	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018 NO CONCELLO DE BRIÓN, Á EMPRESA ALCOMTE GALICIA SL.
19/10/2017	00248/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCAS EN OUTEIRO 2, BASTAVALES.
19/10/2017	00249/2017	XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.
19/10/2017	00250/2017	LISTAXE PARTICIPANTES ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS 2017-2018.
19/10/2017	00251/2017	ALTA NO PROGRAMA XANTAR NA CASA DUN VECIÑO.
19/10/2017	00252/2017	BAIXA NO PROGRAMA XANTAR NA CASA DUN VECIÑO.
19/10/2017	00253/2017	COSTAS XUDICIAIS - CENTRO MULTIOCIO BRION S.L.
19/10/2017	00254/2017	ADXUDICACIÓN Á EMPRESA LIMPIEZAS SALGADO SL DO CONTARTO DE SERVIZOS DE CONSERXERÍA DO CEIP DE PEDROUZOS.
23/10/2017	00255/2017	BAIXA SAF MUNICIPAL DUN VECIÑO.
23/10/2017	00256/2017	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AEDL.
24/10/2017	00257/2017	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 E FINAL DA OBRA DO PMA 2016: PROXECTO DE MELLORA NAS REDES DE ABASTECIMENTO E AUGAS PLUVIAIS DE BRIÓN; ALDEAS DE BOAVENTURA E TORRE.
24/10/2017	00258/2017	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 25/10/2017.
25/10/2017	00259/2017	APROBACIÓN DA FRA Nº 170320 SUBMINISTRO COLECTORES DE LIXO - FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL
25/10/2017	00260/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/43.
25/10/2017	00261/2017	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA E FACTURA DA OBRA: PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN.
26/10/2017	00262/2017	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DE 2017.
26/10/2017	00263/2017	DECRETO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA MAGARIÑOS.
27/10/2017	00264/2017	APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DE OBRAS CORRIXIDAS NÚM. 2 E LIQUIDACIÓN DA OBRA DO PAS 2015: AMPLIACIÓN DE REDES MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NAS ALDEAS DE CORUXIDO E BASTAVALIÑOS.
30/10/2017	00265/2017	DECRETO DE EMBARGO A UNHA EMPREGADA.
30/10/2017	00266/2017	DECRETO DE GRATIFICACIÓNS A UN EMPREGADO.
30/10/2017	00267/2017	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A VARIOS EMPREGADOS.
30/10/2017	00268/2017	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
30/10/2017	00269/2017	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018 NO CONCELLO DE BRIÓN.
30/10/2017	00270/2017	DECRETO NÓMINAS MES DE OUTUBRO.
30/10/2017	00271/2017	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO GES.
31/10/2017	00272/2017	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - OUTUBRO 2017.
31/10/2017	00273/2017	DECRETO PRÓRROGA CONTRATOS PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

01/11/2017	00274/2017	APROBANDO A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DA OBRA DO POS + 2017: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: ALDEA DE CORNANDA.
01/11/2017	00275/2017	APROBANDO A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DA OBRA DO POS + 2017: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE PISTAS DO CONCELLO: CORUXIDO-PIÑEIRO-GUNDÍN-GUITIANDE.
01/11/2017	00276/2017	APROBANDO A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DA OBRA DO POS + 2017: PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: VICESO - ESPARÍS.
02/11/2017	00277/2017	ALTAS PADRON MES DE OUTUBRO.
02/11/2017	00278/2017	BAIXAS NO PADRON DE HABITANTES OUTUBRO 2017.
02/11/2017	00279/2017	BAIXA NO PROGRAMA XANTAR NA CASA DUN VECIÑO.
02/11/2017	00280/2017	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
02/11/2017	00281/2017	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DE MANTEMENTO BEIRARRÚAS TRAMOS DE SAN SALVADOR-CHAVE DE PONTE E PERROS-OS ÁNXELES.
02/11/2017	00282/2017	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DE MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPIS: ALDEAS DE ONS DE ABAIXO, SALAÑO GRANDE E CAMIÑO FRANCÉS.
02/11/2017	00283/2017	BAIXA LIXO INVERSIONES FINANCIERAS GALLEGAS SL.
03/11/2017	00284/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
03/11/2017	00285/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/47.
03/11/2017	00286/2017	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN EN ESCOLA DOS ÁNXELES.
03/11/2017	00287/2017	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 20/2017.
03/11/2017	00288/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCAS EN CHAVE DE PONTE, BASTAVALES.
06/11/2017	00289/2017	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS DE CLIMATIZACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A CALEFACCIONES CAMARI S.L.
06/11/2017	00290/2017	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.
07/11/2017	00291/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 25/10/2017.
07/11/2017	00292/2017	INICIO EXPEDIENTE DE ENAXENACIÓN POR POXA DE EFECTOS NON UTILIZABLES.
08/11/2017	00293/2017	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS SERVIZOS PREVENCIÓN-INSERCIÓN 1º TRIMESTRE CURSO 2017/2018.
08/11/2017	00294/2017	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ESCOLA DE MÚSICA PRIMEIRO TRIMESTRE CURSO 2017/2018.
08/11/2017	00295/2017	DECRETO PADRÓN PREZOS PÚBLICOS SERVIZOS CULTURALS, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO 1º PRAZO CURSO 2017/2018.
08/11/2017	00296/2017	DECRETO DE CONCESIÓN DE ANTICIPO A UNHA EMPREGADA.
09/11/2017	00297/2017	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.
10/11/2017	00298/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NOVEMBRO.
10/11/2017	00299/2017	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DAS TAXAS DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, E CANON DA AUGA, DO 3º TRIMESTRE DE 2017.
10/11/2017	00300/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
13/11/2017	00301/2017	RELACIÓN FACTURAS ENERXÍA ELÉCTRICA - AGOSTO 2017.
13/11/2017	00302/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCA EN PÉRROS, OS ÁNXELES.
13/11/2017	00303/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCA NA RÚA SANTIAGO, OS ÁNXELES.
13/11/2017	00304/2017	DECRETO DE LIMPEZA DE FINCA EN NINÁNS, LUAÑA.
13/11/2017	00305/2017	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO POR POXA DE BENS NON UTILIZABLES.
14/11/2017	00306/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA OUTUBRO 2017.
14/11/2017	00307/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA OUTUBRO 2017.
15/11/2017	00308/2017	DECRETO XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA BRIÓN FUTSAL.

15/11/2017	00309/2017	ACORDO DE ENVÍO AO INE DO EXPEDIENTE DE BAIXA DE OFICIO NO PADRON DE HABITANTES DE VARIOS VECIÑOS.
15/11/2017	00310/2017	DECLARACIÓNS MOD. 111 E 303 - OUTUBRO 2017.
15/11/2017	00311/2017	RELACIÓN FACTURAS F/2017/49.
15/11/2017	00312/2017	BAIXA NO RECIBO DO LIXO DUN VECIÑO.
15/11/2017	00313/2017	DECRETO CONVOCATORIA XGL DO 16/11/2017.
16/11/2017	00314/2017	DECRETO XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA EEI OS ANXELES.
16/11/2017	00315/2017	DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INCOACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE.
16/11/2017	00316/2017	INCOACIÓN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN LAMIÑO.
16/11/2017	00317/2017	DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INCOACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE.
20/11/2017	00318/2017	DECRETO DE CONTRATACIÓN DUNHA TRABALLADORA PARA A GARDERÍA.
20/11/2017	00319/2017	DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INCOACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE.
20/11/2017	00320/2017	DECLARANDO A CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INCOACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE.
22/11/2017	00321/2017	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DA GARDERÍA MUNICIPAL.
22/11/2017	00322/2017	INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO.
23/11/2017	00323/2017	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 21/2017.
23/11/2017	00324/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 16/11/2017.
27/11/2017	00325/2017	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 22/2017.
28/11/2017	00326/2017	DECRETO CONCESIÓN DE TRIENIOS A UN EMPREGADO.
28/11/2017	00327/2017	PRÓRROGA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA.
28/11/2017	00328/2017	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
28/11/2017	00329/2017	DECRETO NÓMINAS MES DE NOVEMBRO.
28/11/2017	00330/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
30/11/2017	00331/2017	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - NOVEMBRO 2017.
30/11/2017	00332/2017	COTA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA - SETEMBRO 2017.
30/11/2017	00333/2017	COTA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA OUTUBRO 2017.
01/12/2017	00334/2017	DECRETO DE APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE PERSOAL DO GES.
01/12/2017	00335/2017	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO GES.
01/12/2017	00336/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/50.
01/12/2017	00337/2017	ALTAS NO PADRON DE HABITANTES MES DE NOVEMBRO ANO 2017.
01/12/2017	00338/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/51.
01/12/2017	00339/2017	BAIXAS NO PADRON DE HABITANTES MES DE NOVEMBRO ANO 2017.
01/12/2017	00340/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/52.
01/12/2017	00341/2017	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN EEI LUAÑA.
01/12/2017	00342/2017	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN EEI SABAXÁNS.
01/12/2017	00343/2017	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS (01/01/2017 A 30/11/2017).
01/12/2017	00344/2017	DEVOLUCIÓN AVAIS OBRAS.
01/12/2017	00345/2017	DECRETO ASIGNACIÓN GRUPO POLITICO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE (01/01/2017 AO 30/11/2017).
01/12/2017	00346/2017	DEVOLUCIÓN AVAIS BARBATANA.
04/12/2017	00347/2017	CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN ARRANXOS ESCOLA INFANTIL.
04/12/2017	00348/2017	ADXUDICACIÓN Á EMPRESA LIMPEZAS SALGADO S.L. DO CONTRATO DE LIMPEZA DO CEIP DE PEDROUZOS.

04/12/2017	00349/2017	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO DECRETO Nº 325/2017.
04/12/2017	00350/2017	BASES CONCURSO TARXETAS NADAL 2017.
04/12/2017	00351/2017	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 05/12/2017.
05/12/2017	00352/2017	AUTORIZACIÓN DE USO EN PRECARIO DE AULA DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE A AQUAFIT GESTIÓN S.L.
05/12/2017	00353/2017	CONTRATACIÓN PEÓNS APROL RURAL 17.
05/12/2017	00354/2017	APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS CORRIXIDA NÚM. ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN.
11/12/2017	00355/2017	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.
11/12/2017	00356/2017	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA A GARAXES PARTICULARES.
11/12/2017	00357/2017	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.
11/12/2017	00358/2017	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA O.F. REGULADORA DA TAXA POLO IVTM.
11/12/2017	00359/2017	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE CORTE DE ESTRADA EN ESPARÍS, VICESO.
12/12/2017	00360/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO.
12/12/2017	00361/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS AXUDA A DOMICILIO LIBRE CONCURRENCIA NOVEMBRO.
12/12/2017	00362/2017	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA NOVEMBRO.
12/12/2017	00363/2017	ADIANTANDO CELEBRACIÓN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.
13/12/2017	00364/2017	INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLUIDA NO PAS ADICIONAL 1/2015.
13/12/2017	00365/2017	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN DO CONCELLO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 23.11.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 18.12.2017, que transcrita di:

Visto o texto do convenio de adhesión remitido pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e considerando conveniente para o concello o contido do mesmo, dada a limitación dos recursos persoais e materiais que ten o concello para tramitar estes expedientes, e considerando que as achegas económicas do concello á Axencia establecidas na cláusula 3ª do convenio non son desproporcionadas.

Visto o informe da arquitecta municipal do 22.11.2017 onde se sinala que o número de núcleos rurais delimitados no PXOM vixente é de: 93, polo que a achega do concello é de: 4.650 euros, achega que ten a consideración de única, a pagar á Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

Resultando que a poboación do concello segundo a última rectificación do padrón de habitantes aprobada polo Instituto Nacional de Estadística referida á data do 01.01.2016 é de: 7.590 habitantes.

Visto o informe de secretaría do 22.11.2017, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Incorporarse e adherirse o Concello de Brión como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto se derivan, de conformidade co estipulado no convenio de adhesión existente no expediente e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar o convenio de adhesión remitido pola Axencia cuxo contido é o seguinte:

CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

En Santiago de Compostela, a ... de de dous mil

INTERVEÑEN:

Dunha parte, don José Luis García García, alcalde do Concello de Brión, provincia de A Coruña, en representación do Concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

EXPOÑEN:

Primeiro. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en adiante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 222, do 16 de novembro.

Segundo. O Concello de Brión ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 152 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes Administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes

entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

Terceiro. En virtude do establecido nos artigos 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

Cuarto. Este convenio de adhesión obtivo a previa aprobación do Pleno da Corporación municipal de Brión en sesión que tivo lugar o 19 de decembro de 2017, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, do..... de ... de..., de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervinientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Incorporación á Axencia

O Concello de Brión, na provincia de A Coruña, incorpórase e adhiúrese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

Segunda. Delegación de competencias

1. O Concello de Brión delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 152 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

- a) Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).
- b) Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).
- c) E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira, da LSG).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo Concello.

3. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao Concello.

Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá remitirlo ao Concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo.

4. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría esixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á Dirección da Axencia e publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia

1. O Concello de Brión contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas:

- a) A cantidade de 4.650 euros (50 euros por cada núcleo rural delimitados) que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao diario oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.
- b) O 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- c) E o 50% do importe das sancións impostas pola Axencia aos responsables de infraccións urbanísticas, en exercicio das competencias delegadas polo Concello.

2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 50% dos ingresos percibidos polas sancións impostas en exercicio das competencias delegadas.

Cuarta. Obrigacións asumidas polo Concello

O Concello de Brión asume as seguintes obrigacións:

- a) Prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias;
- b) Facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións;
- c) Prestar o auxilio da Policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións;
- d) Absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos que a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada;

- e) Solicitar informe da Axencia previamente á resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas polo Concello;
- f) Contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión;
- g) E respectar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro.

Quinta.- Programa de incorporación

A incorporación do Concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

Sexta. Prazo de vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Brión perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

Sétima. Interpretación do convenio

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Concello de Brión

Pola Xunta de Galicia

O alcalde

A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

José Luis García García

Beatriz Mato Otero

3º) O Concello de Brión delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 152 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

1) Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).

2) Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).

3) E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira, da LSG).

4º) Adoptar o compromiso firme de consignar no orzamento de 2018 os fondos necesarios para facer fronte a achega municipal por importe de 4.650 euros.

5º) Facultar expresamente ao Sr. Alcalde José Luis García García para a sinatura do convenio de adhesión e para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +2018.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 18.12.2017, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS+2018” da Deputación, publicadas no BOP do 03.10.2017.

Vista a circular sobre aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito do 03.10.2017, con corrección de erros do 07.11.2017, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	263,755,92
Subtotal gasto corrente	263,755,92

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2018	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2017		Financiamento do investimento		
(Investimentos "financeiramente sostibles")				
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de conexión da rede de abastecemento a Luaña mediante a condución xeral de abastecemento de auga desde o río Tambre,	161	97,392,58	0	97,392,58
Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño.	933	102,324,38	0	102,324,38
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: De Estrar a Vilanova.	1532	31,054,94	0	31,054,94
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Estrar,	1532	28,007,49	3,186,70	31,194,19
Subtotal investimentos achega provincial 2017		258.779,39	3,186,70	261,966,09

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
Subtotal redacción proxectos	0

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
Subtotal achega municipal 2018	0

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
Subtotal achega municipal 2017		0

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
	Achega 2018			

C- INCREMENTOS	Achega 2017	258,779,39	3,186,70	261,966,09
	Préstamo 2018			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018			
TOTAL	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
	Achega 2017	258,779,39	3,186,70	261,966,09
	Préstamo 2018			
	TOTAL	522,535,31	3,186,70	525,722,01

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles"	Grupo de programa	
--	-------------------	--

(mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)		Orzamento
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldeas de Brans de Arriba e Aguiar,	1532	72,003,68
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Pista en Busto de Frades,	1532	35,876,48
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: De Cantelar a Tembra,	1532	45,419,21
Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito.	933	79,050,51
TOTALS		232,349,88

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

7º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

7.1. MOCIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.

Dada conta da moción sinalada presentada polo concelleiro non adscrito Sr. Pena Espiña, de data 15.12.2017, que transcrita di:

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, memoria anual, proxectos de orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: “Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria”.

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisibile no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial “Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia” ao modificado “Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia”. Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Por todo o exposto propoñemos que o Concello de Brión tome o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galicia a que retire o anteproxecto de reforma da Lei galega de saúde, que perpetúa as Estruturas de Xestión Integrada.

2º) Restitúa as Xerencias de Atención Primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.

3º) Que co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolva a Lei galega de saúde do ano 2008.

Debate:

O Sr. Pena Espiña sinala que é a moción que lle trasladou esa plataforma e que está a ser presentada nos concellos e mesmo foi aprobada na Deputación.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que votarán en contra porque esta lei está tramitándose e aínda ten que ir ao Parlamento, e aí será onde os partidos políticos terán que facer as proposicións que consideren oportunas e igualmente porque este non é o lugar para debater isto.

O Sr. Alcalde sinala que votarán a favor para ser coherente co votado polo PSG-PSOE na Deputación.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP(2).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

7.2. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL nº 15-T, REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS E ACTIVIDADES RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción sinalada, que transcrita di:

O noso concello posúe a Ordenanza fiscal nº 15-T, reguladora da taxa por servicios e actividades relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP nº 270, do 24.12.2009. Nela cítase no artigo 2º.i como feito impoñible, entre outros, *“a limpeza e valado con cerramentos permanentes, sitos na aliñación oficial, dos terreos e solares sitos en chan urbano ou urbanizable que linden coa vía pública, cando os seus propietarios ou detentadores por calquera título non lle deran cumprimento ás prevencións establecidas.”*

O certo é que no apartade de tarifas da citada ordenanza non se contifican os custes nin o réxime sancionador para este punto 2.i. o que se fai que a disposición quede, na práctica, sen contido.

Outros concellos veciños teñen ordenanzas semellantes pero máis concretas, o que as dota de maior forza legal. A modo de exemplo o Concello de Padrón presenta a Ordenanza xeral de limpeza e ornato público que no artigo 9.1 di: *“Corresponde ós particulares a limpeza das pasaxes particulares, dos patios interiores de bloque, dos solares de propiedade privada, das galerías comerciais e similares. No caso de copropiedade dos devanditos elementos, a responsabilidade da limpeza corresponderá á comunidade de propietarios.”*

E no artigo 6.1. determina que: *“O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza que segundo as presentes ordenanzas corresponda efectuar directamente ós cidadáns, imputándolles o custo dos servicios prestados de acordo coa valorización realizada polos servicios do Concello, e sen prexuízo das sancións que en cada caso sexan pertinentes e do que civilmente fose esixible”*

No Concello de Negreira, no Regulamento de protección do medio ambiente, de limpeza pública e de recollida de lixo, no artigo 12.1 determina as obrigas dos/as donos/as de terreos e inmobles particulares e ordena que *“Os/as donos/as de toda clase de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e instalacións deberán mantelos sempre limpos e en boas condicións estéticas, de salubridade e de seguridade.”*

E no artigo 12.2 determina o réxime sancionador cando afirma que: *“O Concello poderá ordenar, de oficio ou por solicitude de calquera persoa interesada, a execución das obras ou traballos necesarios para repor ou conservar aquelas condicións, co sinalamento do prazo de realización e coa advertencia de execución subsidiaria polo propio concello e a cargo do obrigado, ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300,00 a 6.000,00 euros, reiterables ata logra-la execución das obras ou traballos ordenados.*

3.- O incumprimento do deber regulado neste artigo suporá a iniciación do correspondente expediente sancionador, coa imposición da multa que corresponda segundo a lexislación aplicable.”

Ao noso entender a Ordenanza de Brión carece da forza sancionadora legal que obrigue aos afectados ao cumprimento da normativa. De feito téñense dado reclamacións por parte de veciños afectados pola falta de limpeza de solares no casco urbano de Pedrouzos que non foron atendidas.

En consecuencia ao anteriormente exposto, solicito que o Pleno do concello tome en consideración a seguinte proposta:

1.- Que se modifique a Ordenanza fiscal nº 15-T, reguladora da taxa por servizos e actividades relacionadas coa hixiene urbana publicada no BOP nº 270, do 24.12.2009, introducindo un punto que concrete o réxime sancionador no caso de incumprimentos da limpeza dos terreos e solares sitos en chan urbano ou urbanizable que linden coa vía pública e/ou con outras urbanizacións e vivendas.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que votarán en contra porque isto está perfectamente recollido, non está na ordenanza fiscal, pero está na Lei do solo de Galicia nos art.135 e seguintes e está perfectamente regulado e non é a primeira vez que se fai polo concello.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 1, pertencente ao concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra:10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (2).

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Queda rexeitada a moción.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e oito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González